

8 MESES DE PARO ALCISTA

Pensei publicar este artigo hai un par de meses, cando aínda en pleno verán coñeciamos que o número de parados rexistrados nas oficinas do INEM volvía a medrar en agosto (61.000 máis en España, 2.000 máis en Galicia) rompendo a tendencia dos catro meses anteriores. Todos coincidían en desexar que tal dato fose só un incidente puntual, e que o número de desempregados seguise a caer nos meses seguintes. Sentínme tentado de advertir que tales desexos non tiñan en conta o comportamento cíclico do mercado de traballo, mais deixei no estar.

Esta semana soubemos que o paro rexistrado volveu medrar por terceiro mes consecutivo. O desánimo xeralizouse, especialmente porque uns días antes moitos quixeron ver nos datos da enquisa da EPA (cunha caída do paro de 71.000 persoas no terceiro trimestre) a confirmación de que o cambio de ciclo para o emprego xa estaba aquí. Deixando a un lado que para o mercado de traballo se publican dúas estatísticas diferentes (o paro rexistrado polo *Ministerio de Trabajo* e a enquisa da EPA polo *Instituto Nacional de Estadística*), o que provoca que se publiquen ás veces en breve espazo de tempo datos que semellan contradictorios, debemos ter en conta en todo momento que o nivel de desemprego ten un marcado carácter estacional.

Tomando os datos do paro rexistrado para o caso español, na última década, salvo contadas excepcións, o semestre de febreiro a xullo foron meses de redución do número de desempregados, mentras de agosto a xaneiro se destruían postos de traballo. A excepción á regra aconteceu no momento máis virulento da crise económica, no ano 2008, cando se destruíu emprego en todos os meses do ano agás marzo. Dende entón a duración dos ciclos pasou a ser de 3-4 meses de creación de emprego (principalmente maio, xuño e xullo) e de destrución o resto do ano, o que está a facer que o número de desempregados siga en aumento ata superar os 4 millóns. As esperanzas de ver por fin un cambio de tendencia no mercado de traballo están en comprobar se o ciclo de creación de emprego se adianta a febreiro ou marzo. Un dato positivo que indica que podería ser así é que a virulencia de destrución de emprego amainou bastante, polo que nun escenario de crecemento económico moderado en 2011 poderíamos agardar cando menos que o primeiro semestre permita compensar o emprego destruído o resto do ano.

No caso galego en cambio haberá que ser máis prudentes. O patrón de comportamento mensual é moi semellante ao do resto do Estado (creación de emprego de febreiro a xullo, destrución de agosto a xaneiro), pero o carácter cíclico é moito máis marcado no caso galego: destrúese proporcionalmente máis emprego durante os meses de inverno (en 2009/10, -23% vs. -17,5% no caso español) e recupérase con máis forza nos meses de verán (+11% vs. +6% no último período). O problema é que a economía galega perdeu no último ano o diferencial positivo que mantiña fronte á economía española: ata marzo de 2009 o paro medraba na economía galega a un ritmo ata un 30% inferior que no resto do Estado; mentras, no último ciclo completo (de xullo de 2009 a xullo de 2010) ese diferencial reduciuse ao 1,5%, e os datos dos últimos 3 meses apuntan a un novo ciclo máis virulento de destrución de emprego en Galicia (-6,7% vs -4,5%), especialmente no último mes de outubro onde a taxa máis que duplicou a española. Esperemos que o mal comportamento non supoña batir nos vindeiros meses o noso particular récord histórico de parados (236.449 parados en marzo de 2010, 12.500 menos que hoxe). Haberá que ter paciencia probablemente ata o vindeiro mes de marzo, non nos queda outra.